

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de decembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Morales Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día catorce de decembro de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA e URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1683).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1684).- DAR CONTA DA INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA O REAL DECRETO 1197/05, POLO QUE SE CREA O XULGADO DO MERCANTIL Nº 2 DE PONTEVEDRA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o escrito da Excma. Alcaldesa de data 7.12.05, pola que se ordena aos servizos xurídicos deste Concello a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Real Decreto 119/05 de 10 de outubro, do Ministerio de Xustiza, publicado no BOE do martes 11 de outubro de 2005, polo que entre outras cousas, créase o Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra; visto o anuncio do letrado do Concello de Vigo, Sr. Rivas Romero, de 7.12.05, da

interposición do devandito recurso contencioso-administrativo, dirixido á Sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional, a Xunta de Goberno local acorda:

Ratificar a interposición do recurso contencioso-administrativo contra o Real Decreto 119/05 de 10 de outubro, do Ministerio de Xustiza, publicado no BOE do martes 11 de outubro de 2005, polo que entre outras cousas, crease o Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra.

3(1685).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “CRUZ ROJA ESPAÑOLA” PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES “ENVELLECIMENTO SAUDABLE”. EXPTE. 13058/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da diplomada en Traballo Social, do 10.11.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá, polo interventor xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar un convenio de colaboración coa “Cruz Roja Española” para a realización do proxecto de atención a persoas maiores “Envellecemento saudable” cunha achega municipal de 12.870 € anuais, con vixencia ata o 31.12.06.

2º.- Aprobar a delegación de competencias para asinar este convenio na Delegada da Área de Participación Cidadá, Dª Marta Iglesias Bueno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES “ENVELLECIMENTO SAUDABLE”

En Vigo, a ____ de _____ de 2005.

REUNIDOS:

Dunha parte:

Dunha parte, Dª Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá, en virtude do decreto de Alcaldía do 21/02/05 e acordo da Xunta de Goberno Local de 28/02/05, autorizada expresamente por acordo do mesmo órgano en sesión de data...

Doutra:

D. José Luís Delgado San Miguel, Presidente do Comité Comarcal de Cruz Roja Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 31 de xullo de 2003 do Presidente do Comité Provincial, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo,

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local Galega, publicada no DOG. nº 149, do 05.08.97, no seu artigo 80, sinala como competencias propias dos municipios, entre outras, a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción social.

Segundo:

Que a Lei 4/93 del 14 de abril, de la Comunidade Autónoma, sobre os Servicios Sociais, establece na atribución das competencias ós concellos a creación e xestión dos servicios sociais de atención primaria así como a colaboración no fomento dos mesmos prestados polas entidades de iniciativa social (letras a) e c) do artigo 21).

Terceiro:

Pola súa parte, Cruz Roja Española nas súas normas de ordenación aprobadas polo Real Decreto 415/96, do 1 de marzo, configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas, sendo a súa duración ilimitada e gozando dos beneficios inherentes ás entidades públicas (Artigo 1º).

Así mesmo entre os obxectivos e fins concretase la consecución, entre outros, da promoción e colaboración en accións de benestar social en xeral e de servicios asistenciais e sociais, e a promoción da participación voluntaria e desinteresada das persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, nas actividades e no sostemento da Institución para o cumprimento dos seus cometidos, referencias todas elas recollidas nos Estatutos da Institución aprobados pola Orden de 04.09.97 do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Cuarto:

Que ó amparo do Real Decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Roja Española, e dos estatutos da mesma, publicados por Orden do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais de 4 de setembro de 1997 e no cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Roja é unha Entidade idónea para contribuír ó desenvolvemento da política social do Concello de Vigo que ten entre os seus obxectivos preferentes a mellora da calidade de vida dos maiores.

Quinto:

Que tanto unha coma a outra Institución veñen prestando servicios ós maiores de tipo asistencial (SAD, Teleasistencia), que entenden deben completarse con atencións persoais de acompañamento, fundamentalmente, relacións, etc.

Tralo exposto, ambas partes acordan celebrar o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA:

O obxecto do presente convenio é a realización dun proxecto denominado “Envellecemento saudable”.

SEGUNDA:

O proxecto está dirixido a Persoas Maiores que residan no concello de Vigo e que cumpran os criterios establecidos para participar no mesmo; maiores sós ou acompañados en risco de dependencia, deterioro, desarraigo, pasividade, etc., etc.

Os criterios serán establecidos, de mutuo acordo, entre o Concello de Vigo e a Asemblea Comarcal de Cruz Roja en Vigo.

TERCEIRA:

O obxectivo xeral deste proxecto é ofrecer ás persoas maiores do noso entorno alternativas que axuden a evitar o deterioro, o desarraigo e a pasividade á que leva o illamento, potenciando e estimulando as relacións

humanas e sociais co entorno así como intentar mellorar as súas condicións de vida coa prevención de posibles dependencias e evitando institucionalizacións non desexadas.

CUARTA:

Las actividades que se levarán a cabo con este proxecto son:

- *Actividades individuais:*
 - ✓ *Compañía no domicilio.*

- *Actividades grupais.*
 - ✓ *Aula de Traballo.*
 - ✓ *Actividades de Ocio e tempo libre.*

- *Actividades de acondicionamento do fogar:*
 - ✓ *Valoración necesidades das vivendas de persoas maiores.*
 - ✓ *Asesoramento técnico.*
 - ✓ *Realización de pequenas reparacións e adaptacións.*

QUINTA:

Para as actividades de acondicionamento do fogar de persoas maiores firmarse un protocolo de actuación que se enmarcará dentro deste convenio, dito protocolo incluirá a contía económica que aportará o Concello de Vigo para poder realizar estas actividades.

SEXTA:

Para a execución destas actividades, a Asemblea Comarcal de Cruz Roja Española en Vigo contará con voluntarios e cun técnico social do proxecto.

SÉTIMA:

En ningún caso esta prestación do persoal suporá relación laboral algunha, entre o persoal voluntario e contratado da Cruz Roja Española que leve a cabo as actividades obxecto do proxecto, co Excmo. Concello de Vigo, estando obrigada a Cruz Roja Española ó cumprimento de todas as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social, así como á cobertura correspondente á responsabilidade civil dos seus traballadores e voluntarios.

OITAVA:

Cruz Roja Española remitirá ó Concello de Vigo os datos ou memoria do desenvolvemento do servizo segundo os criterios que se fixarán polos Servizos Sociais municipais.

NOVENA:

Cada unha das Entidades asinantes, será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e comprométese a dar cumprimento ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal

DÉCIMA:

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006, podendose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de tres sempre que non se produza denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses antes de calquera dos vencementos.

No caso de producirse calquera das prorrogas os importes económicos sinalados na cláusula seguinte modificaranse coa variación do IPC correspondente.

UNDÉCIMA:

Polo período de vixencia do convenio, el Concello de Vigo aboaralle á Cruz Roja Española a cantidade de 13.860 Euros anuais, a razón de 990 € mensuais, con cargo á partida 3130.227.06.09.

O pago realizarase previa presentación de nota de cargo trimestral por parte de Cruz Roja que deberá conformar o funcionario responsable do programa ou o Xefe do Sector de Acción Social, certificando que o servizo foi prestado de acordo co establecido no presente convenio.

DUODÉCIMA:

Crease unha Comisión Mixta de seguimento e interpretación, solución de controversias e avaliación do presente convenio de colaboración, que estará formada por tres representantes de cada unha das partes baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleira/o-Delegada/o responsable dos servizos sociais.

E en proba de conformidade as partes asinan o presente convenio na data indicada.

4(1686).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DESTINADAS A PERSOAS DESFAVORECIDAS RESIDENTES EN DITO TERMO MUNICIPAL, EN EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL. EXPTE. 13093/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 15.11.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, pola delegada da Área de Participación Cidadá, polo interventor xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral de Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a realización de accións de inserción social e laboral destinadas a persoas desfavorecidas residentes no termo municipal, para o ano 2006, en execución de determinadas accións do I Plan Galego de Inclusión Social, e que será subscrito pola Ilma. Sra Secretaria Xeral do Benestar e a Ilma. Alcaldesa de Vigo cunha aportación autonómica de 145.000,00 euros, e unha aportación municipal de 19.500, 00, para gastos de persoal e coas estipulacións contidas no mesmo.

5(1687).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN VIGUESA DA FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO DE AUTORIZACIÓN PARA DESENVOLVER A “CARREIRA PEDESTRE DE NADAL-CARREIRA DO PAVO” O DÍA 18.12.05. EXPTE.5804/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.12.05,

conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo a desenvolver o vindeiro día 18 de decembro de 2005 a proba deportiva denominada “Carreira Pedreste de Nadal-Carreira do Pavo” por diferentes rúas do entorno da Praza de Compostela, con saída e chegada na Pza. de Compostela (a altura da cafetería Alameda), e percorrido polas rúas seguintes: Concepción Arenal, Castelar, Luis Taboada, Pablo Morillo, Montero Ríos, Carral, Victoria e Pza. de Compostela, entre as 9:00 h. e as 14:00 h.

6(1688).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV
ALFAYETE RODRIGUEZ Mª CATALINA	0548507	1.100,00	1.100,00		
“	0548509	286,68	286,68		
“	0548508	165,00	120,04	44,96	
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0539985	1.200,00	1.143,97	56,03	
“	0552420	3.000,00	2.923,81	76,19	
BERNARDEZ GIL SELA	0539192	12.000,00	11.963,41	36,59	
GOMEZ GARCIA CRISTINA	0543620	1.500,00	1.450,61	49,39	
“	0540087	1.605,00	1.605,00		
“	0539057	3.900,00	3.250,01	649,99	
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO JAVIER	0546567	113,89	113,89		
“	0546566	246,42	485,94		239,52
IGLESIAS CARRERA JOSE MANUEL	0545877	1.000,00	746,80	253,20	
PEREZ BARREIRO MARIA BELEN	0545890	264,00	291,62		27,62
“	0545891	573,36	573,36		
“	0545884	2.200,00	2.200,00		
POLA TOMBO MIGUEL	0532177	550,00	550,00		
ROCHA PARAMES CESAREO	0544772	300,00	330,19		30,19
RODRIGUEZ FRIEIRO RICARDO	0512506	3.000,00	3420,75		420,75
SANLUIS COSTAS AVELINO	0550159	43.000,00	43.170,00		170,00
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0551493	1.275,00	1.275,00		
VAZQUEZ MARTINEZ JULIO MANUEL	0550960	305,01	286,68	18,33	
“	0550965	268,00	266,00	2,00	
TOTAL			77.553,76		

7(1689).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.850,71 € A FAVOR DE CARLOS E. BORRÁS SANJURJO, CARLOS BORRÁS DÍAZ DE RÁBAGO E ARTURO ESTÉVEZ ALVAREZ, EN CONCEPTO DE HONORARIOS POLO ASESORAMENTO E DEFENSA AOS MEMBROS DA POLÍCIA LOCAL. EXPTE. 71253/210.

Examinads as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 30.11.05, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 5.12.05, que di o seguinte:

****En data 7 de outubro de 2005 a Xefa de Seguridade e Transportes co conforme do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade elabora a seguinte memoria:*

“En data vinte de abril de 2000, o Ilmo. Sr. Alcalde, a proposta do Xefe da Policía Local e co visto e prace do Concelleiro-Delegado, dictou o seguinte Decreto:

“ Nomear ós letrados D. Carlos Borrás Sanjurjo (Colexiado nº 0316) e D. Carlos Borrás Díaz de Rábago, (Colexiado nº 1570) do Colexio de Avogados de Vigo, para levar a defensa xurídica da Policía Local, incluso ata presentar querela, así como acusación particular.

O nomeamento se estende a consultas verbais ou escritos coa finalidade xeral da defensa xurídica.

Mantense o actual nomeamento coa mesma finalidade de defensa xurídica a favor do avogado D. Arturo Estévez Álvarez.”

- *En data 22 de novembro de 2002 foron presentadas no Rexistro Xeral do Concello por BORRAS Y PARAPAR ABOGADOS, as facturas das minutas nº 433, 434, 435, e 436, por asesoramento á Policía Local e as facturas das minutas nº 526, 527, 2, 7, 8, e 9 por defensa á Policía Local.*

En data 30 de xaneiro de 2003 foron presentadas no Rexistro Xeral do Concello por BORRAS Y PARAPAR ABOGADOS, as facturas das minutas nº 90, 91, 92, 93, por asesoramento á Policía Local e as facturas das minutas nº 118, 119, 120, 121, 122,123, 124, 125 e 126, por defensa á Policía Local.

Remitidas ditas facturas, debidamente conformadas polo Xefe da Policía Local, ó Departamento de Intervención, éstas foron devoltas por tratarse dunha comunidade de bens, non tendo ésta capacidade de obrar para contratar fronte á Administración.

- *En data 11 de abril de 2003 preséntanse por D. Carlos E. Borrás Sanjurjo, novamente, no Rexistro Xeral do Concello as facturas das minutas 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, correspondentes á asesoramento á Policía Local e as facturas das minutas nº 11, 13,14, 15,16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22, correspondentes á defensa da Policía Local. En data 5 de outubro de 2005, D. Carlos E. Borrás Sanjurjo presenta as minutas 19/02 e 24/03, pola defensa a membros da Policía Local.*
- *En data 7 de outubro de 2003 D. Arturo Estévez Álvarez presenta as minutas nº 47/03, 48/03 e 49/03, pola defensa da Policía Local, por un importe de 7.002.71 EUROS.*
- *En data 24 de setembro de 2004 BORRÁS E PARAPAR CB.,presentan as facturas nº 845/04, 844/04, 843/04, 842/04,841/04,840/04, 839/04,838/04, 837/04, 836/04, 835/04, 834/04,833/04, 832/04, pola defensa de Axentes*

da Policía Local. Como ditas facturas están a nome dunha comunidade de bens, voltan a presentar as mesmas no Rexistro Xeral en data 13 de maio de 2005 a nome de CARLOS E. BORRAS DIAZ DE RABAGO.

Con anterioridade as facturas de asistencia en xuízos aos membros da Policía Local tramitábanse directamente a través de Asesoría Xurídica, no obstante e sen que se coñeza o motivo, a partir do ano 2002 Asesoría Xurídica manifesta que non pode proceder á súa tramitación por non tomar parte nos asuntos correspondentes a tramitación á Policía Local.

As devanditas facturas que suman un total de 21.850.71 EUROS poden ter cobertura orzamentaria con cargo á partida nº 2220 2270600, Asistencia técnica para asesoramento.

Á vista do exposto e de conformidade co disposto na Base 28 do orzamento, así como a Instrucción 1/2000 dictada pola Alcaldía, procede o recoñecemento extraxudicial de crédito por un importe de 21.850.71 EUROS das citadas facturas, previa emisión do correspondente informe xurídico-administrativo, según o disposto no Decreto da Alcaldía de data 25 de maio de 2000.”

***En data 30 de novembro de 2005 o Interventor Xeral informa que procede a declaración de nulidade da prestación de asesoramento legal prestado polos letrados D. Carlos E. Borrás Díaz Sanjurjo, D. Carlos Borrás Díaz de Rabago e D. Arturo Estevez Alvarez e a indemnización substitutiva a favor dos mesmos por un importe total de 21.850,71 euros,

Polo exposto sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

- a) Declarar a nulidade da prestación de servizo de Asesoramento Legal prestado polos Letrados D. Carlos E. Borrás Sanjurjo, D. Carlos Borrás Díaz de Rábago e D. Arturo Estévez Alvarez.
- b) Aprobar a indemnización substitutiva a favor de “Carlos E. Borrás Sanjurjo, Carlos Borrás Díaz de Rábago e D. Arturo Estévez Alvarez” por un importe total de 21.850,71 euros, sendo, respectivamente, 11.136 euros, 3.712 euros e 7.002,71 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1690).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SELECCIÓN DUNHA ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16140/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas administrativas do 29.11.05, asinado polo técnico de prevención de riscos laborais, conformado polo xefe da Área de Contratación, o informe xurídico favorable da letrada de Asesoría Xurídica, do 12.12.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación, do 30.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a selección dunha entidade colaboradora da Seguridade Social para a cobertura das continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais do persoal do Concello de Vigo.

2º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

9(1691).-PRÓRROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL CONTRATADO COA COMPAÑÍA MAFRE INDUSTRIAL, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS. EXPTE. 17407/240.

Este expediente retírase da orde do día para mellor estudio.

10(1692).-PRÓRROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO DE VIXILANCIA, MANTEMENTO E INSTALACIÓNS DAS DEPENDENCIAS CULTURAIS DAS UNIDADES DE CULTURA, ADXUDICADO Á EMPRESA SECURITAS, SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 7404/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de negociado de Contratación, do 1.12.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de 05-12-2002 se adxudicou o concurso para a pretación do servizo de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade de dependencias vencelladas á Concellería de Cultura.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas aprobado por acordo da Comisión de Goberno de 12.08.2002 establecíase como prazo do contrato o de dous anos dende a data de sinatura do contrato (19.12.2004) aínda que era posible a prórroga do mesmo por anualidades ata un máximo de dúas prórrogas.

A primeira das prórrogas foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 07.12.2004.

O xefe do departamento de Cultura propón a prórroga do contrato por un ano, incluíndose no seu informe a valoración sobre o nivel de satisfacción da execución do contrato e a acerditación da conveniencia da prórroga dende o punto de vista económico.

A través dun escrito, con entrada polo Rexistro Xeral do Concello 11 de novembro de 2005, a empresa adxudicataria do servizo, Securitas Seguridad España, S.A, manifesta a súa disponibilidad para asumir o compromiso de prórroga dos servizos.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

” Autoriza-la prórroga do contrato de vixilancia , mantemento e instalacións das dependencias culturais das unidades de cultura, adxudicado á empresa Securitas, Seguridad España S.A., por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 5 de decembro de 2002, por unha anualidade (20 de decembro de 2005- 19 de decembro de 2006), segundo o disposto no contrato e no prego de cláusulas administrativas.

O custo total de contrato para todo o período (20 decembro de 2005–19 de decembro de 2006), ascende á cantidade de 252.636,23 euros..

En concepto de vixilancia, o gasto sería de 235.706,88 euros, dos que 7.016,23 euros corresponderían ao exercicio 2005, e 228.690,36 euros ao exercicio 2006. Este gasto pode imputarse á partida 4510.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”, do presuposto municipal.

En concepto de mantemento, o gasto sería de 16.929,35 euros dos que 4.232,34 euros corresponderían ao exercicio 2005, e 12.697,01 euros ao exercicio 2006. Este gasto pode imputarse á partida 4510.213.00.00 “Reparación maquinaria, instalacións e utillaxe”, do presuposto municipal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1693).-ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA O SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS PARA A SUBSTITUCIÓN DO QUE SE ATOPA DETERIORADO. EXPTE. 11186/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, do 25.11.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Dielectro Galicia, S.A.” os lotes seguintes do concurso para a subministración de material eléctrico:

Lote I, luminarias por un prezo de 60.000 euros.

Lote II, bloques ópticos para farois por un prezo de 30.000 euros.

Lote III, postes de formigón por un prezo de 15.000 euros.

Lote IV, columnas por un prezo de 30.000 euros.

LoteV, mellora da iluminación de Cabral-Igrexa por un prezo de 65.000 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11.07.2005 e a oferta presentada.

12(1694).-ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2006. EXPTE. 1638/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 13.12.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Martín Ricardo Arevalo o procedemento negociado para a contratación do deseño e produción das carrozas para a “Cabalgata de Reis 2006” por un importe de 44.000 €, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno local do 29.11.05 e a oferta presentada.

13(1695).-SOLICITUDE DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO RESTRINXIDO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CAIXA DA CORPORACIÓN EN INSTALACIÓNS DA CASA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6889/540.

Antecedentes

Con data 24.10.05 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación para a prestación dos servizos de natureza financeira e recadatoria do Concello de Vigo.

Con data 28.11.05, o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 218 (do 14.11.05) e no BOP nº 219 (do 15.11.05) presentáronse as seguintes propostas: 1) Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, 2) Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra, 3) La Caixa, 4) Caixa Galicia.

A Mesa de Contratación en sesión do 29.11.05, procedeu á apertura da documentación presentada, formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Solicitar ofertas para a contratación por procedemento restrinxido da prestación dos servizos de natureza financeira e recadadora ás seguintes entidades: Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A., Caixanova, La Caixa e Caixa Galicia.

14(1696).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO REFERENTE Á PARCELA MUNICIPAL DA ANTIGUA COMANDANCIA MILITAR, NA RÚA AREAL DESTA CIDADE. EXPTE. 17140/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 9.12.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación, do 29.11.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior, polo concelleiro de Patrimonio e polo titular de Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de Convenio a asinar entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo sobre a propiedade municipal da rúa Areal nº 52, de acordo co texto que se transcribe de seguido.

2º.- Autorizar á Excma. Sra. Alcaldesa á sinatura do convenio aprobado, e de todos aqueles documentos que sexan precisos para a súa execución.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE A PARCELA MUNICIPAL DA ANTIGUA COMANDANCIA MILITAR NA RUA AREAL DESTA CIUDADE.

Na cidade de Vigo a.....

REUNIDOS

Dunha parte, a Excm. Sra.D^a Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo Concello de Vigo.

E doutra, o Excmo Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Reitor da Universidade de Vigo, no seu nome e representación da citada Universidade(CIF Q-8650002B), con sede en Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia num. 185/2002 do 27 de maio, publicado no DOG num. 102 de 29 de maio de 2002, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no DOG num. 237 do 5 de decembro de 2003.

As partes interventes actúan no exercicio dos seu propios cargos e coa representación que ostentan e recoñécense reciprocamente capacidade para contratar e obrigarse nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Excmo. Concello de Vigo é dono da seguinte finca urbana, coñecida como “Comandancia Militar”: Casa composta de planta baixa, dous pisos e faiado, sinalada co número 52 da Rúa Areal desta cidade de Vigo, que, xunto co terreo unido á mesma e destiñado a patio e xardín, forman unha soa finca de 1.027 m2. Adquirida mediante compravenda á Xerencia de Infraestructura e Equipamentos da Defensa do M^o de Defensa no ano 2001.

SEGUNDO.- En data 28 de xaneiro de 1991, asinouse entre as dúas Administracións comparecentes un Convenio polo que ó Concello de Vigo cedía á Universidade de Vigo ó uso do edificio coñecido antigamente como Comandancia Militar, por un prazo de 25 anos, renovables por outros 25, ó prezo de 1 peseta, e co destiño de servir de sede provisional ó Rectorado, en tanto non se constituíse a súa sé definitiva na Cidade Universitaria.

TERCEIRO.- A Universidade de Vigo, consonte os termos do convenio asinado, levou a cabo obras de reforma e rehabilitación no edificio da Comandancia Militar, por un importe de 1.622.732,68 €, co fin de adecualo convenientemente a súa función de sede do Rectorado da Universidade.

Asimesmo, na devandita parcela e con frente á Rúa Oporto, construiu un edificio para usos administrativos(en adiante Anexo), cun presuposto de execución de 1.081.821,79 €, composto de soto, baixo e seis plantas, dunha superficie construída de 1271,64 m2, dacordo coa licencia de obras n^o expediente 23072/421 autorizada pola Comisión de Goberno do Concello de Vigo en sesión de 13 de decembro de 1996.

Na actualidade, estimase en 965.000 € os investimentos pendentes de amortización no edificio da Comandancia Militar en función ó período restante do prazo de cesión, e no importe de 1.320.000 € ó valor da construción do Anexo.

CUARTO.- A Universidade de Vigo trasladará o Rectorado e demais servizos administrativos existentes nos edificios da Rúa Areal e Oporto, ó Campus da Cidade Universitaria de Vigo, en Lagoas-Marcosende, onde atopase fixada a sé do Rectorado, segundo resulta dos Estatutos da propia Universidade.

QUINTO.- Que considerándose neste intre, de interese para ambas as dúas administracións intervinetes, poñer termo anticipadamente ó convenio asinado no ano 1991 de cesión en uso do edificio da antiga Comandancia Militar na Rúa Areal, así como a entrega e disposición do edificio do Anexo, lévano a efecto polo presente documento dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, de mutuo acordo, declaran resolto a todos os efectos, ó Convenio asinado en data 28 de xaneiro de 1991 de cesión en uso do edificio coñecido antigamente como Comandancia Militar, na Rúa Areal da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo adquire, por dereito de accesión, e o incorpora en pleno dominio ó seu patrimonio, o edificio denominado Anexo, construído pola Universidade de Vigo sobre a parcela municipal, indemnizando co importe do valor da construción(1.320.000 €).

A Universidade de Vigo acepta e recoñece a titularidade dominical do Concello, renunciando a calquer dereito que poidera ostentar sobre dito inmovible.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo en contraprestación aboará 2.285.000 € á Universidade de Vigo: 965.000 € pola reversión anticipada do edificio da Antigua Comandancia Militar e 1.320.000 € polo edificio do Anexo, importe total que satisfarase do seguinte xeito:

- A cantidade de un millón de euros (1.000.000 €), coa asinatura do presente documento.*
- A cantidade de setecientos mil euros (700.000 €), no ano 2006.*
- A cantidade de quinientos oitenta e cinco mil euros (585.000 €) no ano 2007.*

O incumplimento dos prazos fixados para o pago, determinará a obriga de aboamento dos intereses de demora da cantidade adeudada, consonte ó interese legal do diñeiro fixado pola Ley de Presupostos Xerais do Estado para o ano en curso, dende a data de vencemento do correspondente prazo ata o momento en que se faga efectivo o mesmo.

QUINTO.- A Universidade de Vigo comprométese á entrega e posta a disposición do Concello dos mencionados edificios, en bó estado de conservación e xunto coas súas melloras, antes do 1 de marzo de 2006, o que reflectirase na correspondente acta de entrega e recepción, que ó efecto se asine entre ambas as dúas Administracións.

O incumplimento do prazo de entrega e posta a disposición, determinará a obriga da Universidade de indemnizar ó Concello cos intereses de demora do importe total da contraprestación (2.285.000 €), calculados consonte o disposto no derradeiro parágrafo da cláusula terceira. O importe indemnizatorio resultante, previa notificación á Universidade, detraerase automaticamente das cantidades aprazadas pendentes de pago polo Concello.

SEXTO.- É causa resolutoria do presente convenio, a falta de cumprimento por calquera das partes asinantes, das súas obrigas a data de 31.12.2007, suposto no que poderán optar ou ben pola resolución ou, de mutuo acordo, polo outorgamento dun único prazo de tres meses para o seu cumprimento.

SÉPTIMO.- A resolución do presente convenio, unha vez aboado o primeiro prazo, non afectará en ningún caso á resolución acordada na primeira cláusula.

OITAVO.- O presente convenio, previa a súa aprobación polos órganos competentes das Administracións asinantes, entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da sinatura.

E en proba de conformidade co acordado, as partes intervinientes asinan o presente convenio por triplicado no lugar e data indicados ó comenzo.

15(1697).-RECLAMACIÓN DE D^a. MÓNICA PITEIRA GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15653/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Mónica Piteira González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de xaneiro de 2003, no que expón que o día 28 de agosto de 2002, mentres camiñaba pola rúa Asturias, na súa confluencia coa rúa Numancia, meteu o pé nunha focha alí existente, causándose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informes do servizo de Vías e Obras, con datas 10/02 e 30/06/2003.*
- Práctica de proba testifical, con data 22/04/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Piteira.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.297,34 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 25/01/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente a existencia dunha focha na calzada, que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de tránsito, así o corroboran as testemuñas presenciais, unha das cales precisa que se podía ver a uns cinco metros, e ambas coinciden en sinalar que a causa de que non mirase o burato pódo ser que a Sra. Piteira levaba un cadro na mán. Esta focha, ó estar situada na calzada, non supón un perigo para os peóns xa que a calzada non é un sitio habilitado para o tránsito de viandantes, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel”. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia da reclamante, que cruzou por un sitio non habilitado para a circulación dos viandantes. É de supor, ademais, que ó estar cruzando por un sitio destinado á circulación de vehículos a Sra. Piteira debeu extremar aínda máis a súa precaución e a súa dilixencia no control da deambulacón.

Polas circunstancias concorrentes no feito, xa que era de día e había boa visibilidade, o deficiente estado da calzada debeu ser advertido pola reclamante, que é unha persoa nova e, á vista da documentación obrante no expediente, carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo, e tendo en conta que a reclamante circulaba pola calzada, a informante estima que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dona Mónica Piteira González, por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1698).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ RUSO FORJÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15696/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Ruso Forján presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xaneiro de 2003, no que expón que o día 21 de maio de 2002 mentres conducía o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-3919-BK, pola rúa San Roque, foi atinxido á altura do número 52 por un colector desprazado polo vento, causándose danos materiais valorados en 204,18 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 05/02/2003, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do Parque Móbil, de 09/10/2003, comunicando que os prezos contidos na factura nº 2323 de Talleres Vázquez Matamá, S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 204,18 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 04/06/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 07/04/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ó servizo de limpeza, que non ten constancia nos seus arquivos do accidente nin de ningunha reparación nos colectores na rúa San Roque durante o día do accidente nin en días posteriores, á Policía Local para reclamarlles o parte do servizo correspondente o accidente, do cal non teñen constancia e citouse a presunta testemuña presencial dos feitos, que non compareceu. Porén, aínda que o reclamante manifesta que o dano produciuse ó bater o colector co vehículo, non existe ningunha testemuña presencial do presunto accidente, polo que non é posíbel establecer un nexa de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da reclamante e o servizo público, que permita imputar a esta Administración a responsabilidade dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Ruso Forján, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1699).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ ANDRÉS RIVAS RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15706/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 1.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Andrés Rivas Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de Dna. Dolores Méndez Cabirta, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de

xaneiro de 2003, no que expón que o día 20 de xaneiro de 2003, estando estacionado o vehículo de propiedade da Sra. Méndez, con matrícula 3409-BNY, na avenida Alcalde Portanet á altura do número 4, foi atinxido por dous colectores de lixo desprazados polo vento, causándose danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 20/01/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron como un colector se atopaba tumbado e apoiado contra o lateral dianteiro do vehículo da Sra. Méndez e que o devandito presentaba golpes tanto en el capó como no marco dianteiro dereito; tamén reseñan que na mañá dos feitos chovía con moita intensidade e ía moito vento.
- Informe do Parque Móbil, de 20/06/2003, comunicando que os prezos contidos na factura nº 16473 de Talleres Fontán, presentado polo reclamante, por un importe de 183,86 euros IVE incluído, son correctos.
- Informe do servizo de Limpeza, con data 11/05/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados
- Evacuáase trámite de audiencia á empresa concesionaria Contenu, que formula alegacións con data 09/07/2004.
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 23/07/2004.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á

Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ó servizo de limpeza, que non ten constancia nos seus arquivos do accidente nin de ningunha reparación nos colectores da Avda. Alcalde Portanet durante o día do accidente nin en días posteriores, e á Policía Local para reclamarlles o parte do servizo correspondente o accidente. Porén, aínda que o reclamante manifesta que o dano produciuse ó bater o colector co vehículo, non existe ningunha testemuña presencial do presunto accidente, os axentes da Policía Local acudiron ó lugar dos feitos a instancia do Sr. Rivas, con posterioridade ós mesmos, e non presenciaron a presunta colisión, polo que so poden dar fe da existencia dun colector desprazado do seu sitio, tumbado e apoiado contra o lateral dereito dun vehículo e de que o vehículo do requerente presentaba danos, mais non de que estes danos os causara o colector durante o seu desprazamento dende a súa posición primitiva ata a posición final, polo que non é posíbel establecer un nexo de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da reclamante e o servizo público, que permita imputar a esta Administración a responsabilidade dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Andrés Rivas Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de Dna. Dolores Méndez Cabirta, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1700).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ SALGUEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15840/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 1.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Manuel Rodríguez Salgueiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de febreiro de 2003, no que expón que o día 11 de febreiro de 2003, ó circular coa súa motocicleta, matrícula PO-2053-BS, pola rúa Millareira, á altura dos números 40 e 76, produciuse danos de carácter físico por mor da existencia dunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 02/04/2003, no que manifestan que desta unidade pasárase aviso á empresa concesionaria Aqualia para a reparación dunha focha relacionada coa rede de sumidoiros no lugar dos feitos.
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 12/11/2003.
- Proba testifical ás testemuñas propostas polo reclamante, con data 15/12/2003, que confirman a existencia da focha na vía aínda que ningunha delas chegou a ver como caía o Sr. Rodríguez.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 20/10/2004.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

No suposto que nos ocupa, consta no expediente un escrito da compañía aseguradora do vehículo, MAPFRE, comunicándolle ó Sr. Rodríguez a realización dunha transferencia bancaria ó seu favor da indemnización correspondente ó sinistro obxecto da presente reclamación. Dado que un dos presupostos para a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración é que o dano ou lesión produza no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico, e neste caso o patrimonio do particular resulto indemne ó ser indemnizado pola aseguradora, non procede apreciar a responsabilidade patrimonial desta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de danos e perdas interposta por D. José Manuel Rodríguez Salgueiro, ó non concurrir un dos requisitos esenciais da responsabilidade patrimonial, o perxuízo patrimonial”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1701).-RECLAMACIÓN DE D. ENMA DURÁN VILAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16452/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Emma Durán Vilar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de agosto de 2003, no que expón que o día 22 de febreiro de 2003, mentres camiñaba pola rúa Venezuela, tropezou contra a tapa dun sumidoiro que se atopaba inadecuadamente colocada, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 21/10/2003, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e sanamento de augas, con data 05/02/2004.*
- Proba testifical a unha das testemuñas proposta pola reclamante, con data 07/07/2004, que declara que o lugar da caída da Sra. Durán foi no Areal.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 12/07/2004 nas que manifesta que o lugar do accidente non fora na rúa Venezuela, senón no Areal.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 17/08/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 13/10/2004, que confirma os extremos relatados pola Sra. Durán.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/11/2004.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 542,78 euros.*
 - Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 22/07/2005.*
 - Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 31/03/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público,

determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). E nesta liña, esta Administración practicou dúas probas testificais a instancia da reclamante e dirixiuse á Policía Local para corroborar os feitos denunciados.

No presente expediente existen evidentes contradicións con respecto ó lugar onde acaeceron os feitos. Así, na solicitude inicial dirixida a este Concello interpoñendo a reclamación, a Sra. Durán refire como lugar da caída a rúa Venezuela. Ante a inconcreción do punto exacto da rúa, esta Administración solicitoulle que indicase expresamente a hora e lugar exactos do accidente. En escrito de data 5 de marzo de 2004 a reclamante manifesta que “el accidente tuvo lugar tal como se indicó en el escrito de reclamación el 22.02.03, alrededor de las 0.2.00 h., en la calle Venezuela de esta ciudad, a la altura de la intersección con c/ Simón Bolívar, aproximadamente”. Tras a práctica da proba testemuñal, na que a única testemuña comparecente manifesta que o accidente tivera acontecido na rúa Areal, a Sra. Durán, en escrito de 12 de xullo de 2004, manifesta que o emprazamento designado no escrito de solicitude é un erro do letrado redactor da mesma e solicita que se cite de novo a testemuña que non compareceu á práctica de proba, a cal, tras ser novamente citada, corrobora como lugar da caída a rúa Areal. No entanto, o suposto erro cometeuse en dous escritos, ambos os dous asinados pola reclamante, nos que non consta nome de letrado ningún, e aínda que a segunda testemuña ratifica que o lugar do accidente foi a rúa Areal, ó unirlle unha relación de amizade coa reclamante, existen dúbidas razoábeis sobre a súa imparcialidade.

Nun intento de clarificar a contradición, o instrutor dirixiuse á Policía Local, pero a mesma non ten constancia dos feitos. Á vista destes datos, a informante conclúe que a Sra. Durán non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de D^a Emma Durán Vilar por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1702).-RECLAMACIÓN DE D. EVA GLORIA GIMÉNEZ EDREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 8/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Eva Gloria Giménez Edreira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de decembro de 2003, no que expón que o día 05 de decembro de 2003, camiñando pola rúa Santa Tegra, pisou un cravo que había na vía, producíndose danos tanto de carácter físico como material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía local, con data 29/01/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Parte de intervención da Policía Nacional, con data 05/12/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, dúas testemuñas do sucedido relátanlles que a Sra. Giménez fora trasladada ó hospital tras cravar o pé cun cravo sobrasaíndo uns 3 centímetros que había na vía.*
- Informe do Inventario Municipal, no que confirman que a titularidade da rúa Santa Tegra é municipal.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 13/05/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados e que realizárase a limpeza habitual da beirarrúa e bordos, que se fai todos os días.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 561,50 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 29/09/2004.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente a existencia dun cravo na calzada. No entanto o cravo, ó estar situado na calzada, non supón un perigo para os peóns, xa que a calzada non é un sitio habilitado para o tránsito dos mesmos, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel”. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade do Concello, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia da reclamante, que circulaba por unha zona non habilitada para a circulación dos viandantes, polo que a informante conclúe que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dna. Eva Gloria Giménez Edreira, por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1703).-RECLAMACIÓN DE ZURICH ESPAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 387/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A compañía aseguradora Zurich España presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de outubro de 2004, no que expón que o día 30 de agosto de 2004 o vehículo de propiedade de D. Emilio Fernández Zunzunegui, con matrícula M-0216-WK e asegurado pola devandita compañía coa cobertura de danos por incendio, sufriu danos materiais por mor dun colector de lixo que se incendiou na Baixada á Praia de Saiáns.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte da Policía Local, con data 30/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por un aviso de incendio e que, ó chegaren ó lugar dos feitos, atoparon a uns veciños extinguindo o incendio no colector en un vehículo. Así mesmo, observan danos producidos polo incendio no vehículo de propiedade de D. Emilio Fernández Zunzunegui.*
- *Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 342558 de Talleres Barreiro, presentado pola compañía reclamante, por un importe de 922,85 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Decreto da Excm. Alcaldesa, de data 29/09/2005, sobre acumulación dos expedientes 387/243, 462/243 e 486/243 por gardaren íntima conexión e referírense a feitos ocorridos no mesmo lugar e día. Con este acto, engádense os seguintes informes:*
 - *Informe do servizo de Limpeza, de 21/02/2005, no que manifestan que se repuxo o colector incendiado e que se descoñece as causas do incendio.*
 - *Parte do servizo de Bombeiros, con data 30/08/2004.*
 - *Informe do servizo de Limpeza, de 09/05/2005, no que manifestan que descoñecen como se puido orixinar o incendio no colector e que este non se queima pola acción da calor do verán.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 10/10/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non se debendo ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e convirte as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformárase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do Sr. Fernández e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta pola compañía aseguradora Zurich España, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1704).-RECLAMACIÓN DE D. ADOLFO OGANDO SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 394/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Adolfo Ogando Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de novembro de 2004 no que expón que o día 10 de setembro de 2004 o vehículo de súa propiedade, con matrícula 8966-BGH, mentres estaba estacionado na rúa Aragón á altura do número 132, sufriu danos materiais por mor dun colector de lixo que se incendiou xunto ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 10/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por un aviso de incendio e que, ó chegaren ó lugar dos feitos, a brigada de extinción de incendios xa estaba sofocando o incendio no colector e que, xunto ó mesmo, se atopaba o vehículo do Sr. Ogando con danos na súa parte traseira.*
- Informe do servizo de Bombeiros, con data de 19/11/2004, no que manifestan que foron requeridos pola Policía Local para extinguir o incendio no lugar dos feitos; así mesmo que ó chegaren o lugar comprobaron que se produciron danos tanto no colector como no vehículo do Sr. Ogando e que descoñecen as causas do incendio no colector.*

- Informe do Parque Móbil, de 14/12/2004, comunicando que os prezos contidos no orzamento nº P0004482 de Tecvisa, presentado polo reclamante, por un importe de 692,14 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 12/01/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos.

Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non se debendo ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxetiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do Sr. Ogando e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Adolfo Ogando Sánchez, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1705).-RECLAMACIÓN DE D. CARLOS VILLAVERDE ABRIL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 442/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Carlos Villaverde Abril presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2004, polos danos sufridos no vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-7981-AY, estando estacionado na rúa Vista Alegre o día 29 de xullo de 2004, ó incendiarse un colector da recollida de lixo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 29/07/2004, no que os axentes actuantes manifestan que acoden ó lugar do accidente a causa do incendio nun colector de lixo, tendo que usar o extintor para evitar que o vehículo aparcado o seu lado se incendiase. Fan constar a existencia de danos no vehículo, procedendo a localizar o seu propietario, o Sr. Villaverde.*
- Informe do servizo de Bombeiros, con data 18/01/2005, sobre a súa intervención no incendio do colector situado na rúa Vista Alegre na madrugada do día 30/07/2004.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 03/02/2005, no que manifestan que descoñecen as causas do incendio do colector e que o día 30/07/2004 repúxose a peza queimada.*
- Informe do Parque Móbil, de 09/02/2005, comunicando que os prezos contidos na peritación de Thalay, presentada polo reclamante, por un importe de 778,87 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 03/03/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non se debendo ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir cualquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do Sr. Villaverde e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Carlos Villaverde Abril, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1706).-RECLAMACIÓN DE D. CARLOS OTERO LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 462/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Carlos Otero López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 30 de agosto de 2004 o vehículo de súa propiedade, con matrícula 7828-BYR, mentres estaba estacionado na explanada da Baixada á Praia de Saiáns sufriu danos materiais por mor dun colector de lixo que se incendiou.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 30/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por un aviso de incendio e que, ó chegaren ó lugar dos feitos, atoparon a uns veciños extinguindo o incendio no colector e no vehículo do Sr. Otero.*
- Decreto do concelleiro delegado de Patrimonio, de data 02/02/2005, sobre acumulación dos expedientes 462/243 e 487/243 por garadaren íntima conexión e referínrese a feitos ocorridos no mesmo día e lugar.*
- Informe do servizo de Limpeza, de 21/02/2005, no que manifestan que se repuxo o colector incendiado e que se descoñecen as causas do incendio.*
- Parte do servizo de Bombeiros, con data 30/08/2004, que confirma que o incendio do colector causou danos ós embellecedores plásticos do vehículo do Sr. Otero.*
- Informe do Parque Móbil, de 25/04/2005.*
- Práctica de proba testifical a D. José Roarde Pazor e a D. Carlos Otero López en 03/05/2005.*
- Informe do servizo de Limpeza, de 09/05/2005, no que manifestan que descoñecen como se puido orixinar o incendio no colector e que este non se queima pola acción da calor do verán.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 24/06/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e

mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non se debendo ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do Sr. Otero e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Carlos Otero López, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1707).-RECLAMACIÓN DE CATALANA DE OCCIDENTE S.A. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 486/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A compañía aseguradora Catalana de Occidente, S. A. presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 30 de agosto de 2004 o vehículo de propiedade de D. Carlos Otero López, con matrícula 7828-BYR e asegurado pola devandita compañía coa garantía de incendios, mentres estaba estacionado na explanada da Baixada á Praia de Saiáns sufriu danos materiais por mor dun colector de lixo que se incendiou, ascendendo a cantidade dos danos a 2.090,82 euros (o valor total da reparación menos o valor da franquía aboada polo asegurado, o Sr. Otero).

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 30/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por un aviso de incendio e que, ó chegaren ó lugar dos feitos, atoparon a uns veciños extinguindo o incendio no colector e no vehículo do Sr. Otero.*

- Informe do servizo de Limpeza, de 21/02/2005, no que manifestan que se repuxo o colector incendiado e que se descoñecen as causas do incendio.
- Informe do Parque Móbil, de 21/02/2005, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Multinacional Aseguradora, presentado pola compañía reclamante, por un importe de 2.090,82 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Parte do servizo de Bombeiros, con data 30/08/2004, que confirma que o incendio do colector causou danos ós embellecedores plásticos do vehículo do Sr. Otero.
- Práctica de proba testifical a D. José Roarde Pazor e a D. Carlos Otero López en 03/05/2005.
- Informe do servizo de Limpeza, de 09/05/2005, no que manifestan que descoñecen como se puido orixinar o incendio no colector e que este non se queima pola acción da calor do verán.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 15/06/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non se debendo ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformárase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do Sr. Otero e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta pola compañía aseguradora Catalana de Occidente, S. A., por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1708).-RECLAMACIÓN DE D^a. ELVIRA LÓPEZ LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 549/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 28.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elvira López López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de marzo de 2005 no que expón que o día 22 de decembro de 2004, D. Fernando Ponte Louzao circulaba co vehículo de propiedade da Sra. López, con matrícula PO-3738-AU, pola rúa Cebolera, á altura da comisaría da Policía autonómica, e colisionou cun pivote de ferro que se atopaba na calzada, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 520,00 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 22/12/2004, que manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Ponte relátalles o accidente que tivera co vehículo da Sra. López; así mesmo comprobán a existencia do pivote no centro da calzada, fóra da súa posición habitual.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/04/2005, no que manifestan que a rúa onde ocorreu o accidente non figura como vial público municipal.*
- Informe do Inventario municipal, con data 14/06/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, con data 24/06/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por

estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Tendo en conta que, segundo o informe do Servizo de Vías e Obras, de data 28/04/05, o lugar onde ocorreu o accidente pertence a outra Administración pública, á Deputación Provincial, falla un dos presupostos esenciais para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial, e este Concello carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elvira López López ó carecer o Excmo Concello de Vigo e de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1709).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 34.800 € A PROL DE “HIPÓLITO CABEZAS GOMEZ” EN CONCEPTO DA PRODUCCIÓN DO ESPECTÁCULO “A FESTA DO MAR”. EXPTE. 1139/103.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 7.12.05, e de conformidade co informe-proposta do técnico de Admón Xeral, do 12.12.05, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva polo gasto realizado sen fiscalización previa, e que figura na factura que se achega, de conformidade coa base 28 da execución do orzamento xeral para o exercicio de 2005, por un importe total de 34.800 euros (ive incluído) por tódolos conceptos e isto con cargo á partida 227.06.00.00 (distintos traballos técnicos) a favor de Hipólito Cabezas, DNI 36.108.286-B.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Hipólito Cabezas, DNI 36.108.286-B , por un importe de 34.800 euros (ive incluído) por tódolos conceptos con cargo á partida 227.06.00.00 (distintos traballos técnicos) do vixente orzamento xeral.

3º.- Dispoñer o gasto e aboar a favor de Hipólito Cabezas, DNI 36.108.286-B por importe de 34.800 euros (ive incluído) correspondente a dita factura.

4º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

28(1710).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 38.520 € A PROL DE EL MOLINO, DOLORES FERNÁNDEZ E HIJOS S.L. EN CONCEPTO DO CATERING SERVICIO NA RECEPCIÓN OFICIAL OFRECIDA Á VOLTA AO MUNDO A VELA. EXPTE. 1137/103.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 2.12.05, e de conformidade co informe-proposta do técnico de Admón Xeral, do 12.12.05, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva polo gasto realizado sen fiscalización previa, e que figura na factura que se achega, de conformidade coa base 28 da execución do orzamento xeral para o exercicio de 2005, por un importe total de 38520 euros (ive incluído) por tódolos conceptos e isto con cargo á partida 111.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) a favor de “El Molino”, Dolores Fernández e Hijos, S.L., Cif B-36935831.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Dolores Fernández e Hijos S.L., Cif B-36935831, por un importe de 38520 euros (ive incluído) por tódolos conceptos con cargo á partida 111.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) do vixente orzamento xeral.

3º.- Dispoñer o gasto e aboar a favor de “El Molino”, Dolores Fernández e Hijos, S.L., Cif B-36935831 o importe de 38520 euros (ive incluído) correspondente a dita factura.

29(1711).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TRANSPORTES Y GRÚAS ESTACIÓN S.L. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN-GRÚA Á RÚA PALMA. EXPTE. 47126/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.11.05, conformado polo delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 10 de novembro de 2005 e con número de documento 50183427 solicitóuse permiso de circulación a r/ Palma (Igrexa-Colexiata), cunha autogrua de 80 TM. para desmontaxe dun guindastre-torre15-17. A Policía Local remite oficio con núm. de expediente 9075/2005 onde nos solicitan informe coas condicións, previo a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servicio con data 16 de novembro de 2005, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (60.000 € - sesenta mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 2005000053774 de data 17-11-2005.

Solicitada a devolución da fianza con data de entrada no Rexistro Xeral de, 22-11-2005 e número de documento 50188216, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 17-11-2005 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (60.000 € – sesenta mil euros), a favor de TRANSPORTES Y GRUAS ESTACION, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1712).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR 862.038,57 € A PROL DE UTE MOVEXVIAL-HIDROSCIVIL CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN E REVISIÓN DE PREZOS DO PROXECTO “MODIFICADO DO DE AMPLIACIÓN DE INFRAESTRUCTURA DE SANEAMENTO NO CONCELLO DE VIGO, LOTES I E II”. EXPTE.46922/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 30.11.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Investimentos, do 23.11.05, conformado polo concelleiro delegado de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á indemnización substitutiva a favor da UTE MOVEXVIAL HIDROSCIVIL, CIF: G36895845, polo importe total de 862.038,57€ correspondente as certificacións de obras que se explicitan, relativas á liquidación e revisión de prezos do proxectos " Modificado do de ampliación de infraestrutura de saneamento no concello de Vigo Lotes I e II"

CONCEPTO DA CERTIFICACIÓN	IMPORTE
Certificación nº 24-final Lote II (parroquia de Coruxo, Matamá e Pereiriña)	270.267.,81€
Certificación nº 19-final Lote I (parroquias de Lavadores e Bembrive)	256.772,22€
Revisión de prezos Lote I	39.166,39€
Revisión de prezos Lote II	121.989,29€
Certificación correspondente a colectores actualmente fora de servizo por falta de autorizacións de paso	173.842,86€

2º.- Recoñecer a obrigaón a favor do acredor a esta Facenda Local UTE MOVEXVIAL HIDROSCIVIL, CIF: G36895845 na contía fixada no apartado precedente desta proposta.

3º.- Imputar o gasto inversor ao crédito dispoñible na partida orzamentaria 4410.601.00.05 do vixente orzamento.

31(1713).-AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POR AQUALIA, CORRESPONDENTE AO PERÍODO DE SETEMBRO 2004 ATA FEBREIRO 2005 E A REGULACIÓN DOS MESES XANEIRO 1991 A AGOSTO 2004. EXPTE. 100696/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 28.11.05, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 25 de novembro do presente ano a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello a autoliquidación do canon concesional, correspondente o período setembro de 2004 a febreiro de 2005 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991).

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de seis meses) reflicte unha facturación ingresada de 510.970,92€, correspondente a unha subministración de 17.032.364 m³, a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 261.405,75€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período setembro 2004 a febreiro 2005 por un importe de 510.970,92€, que corresponde a un volume de facturación 17.032.364 m³.*
- 2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata agosto 2004, por un importe de 261.405,75€.*
- 3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1714).-ENCOMENDA A AQUALIA FCC VIGO UTE DA EXECUCIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO DE AUGA AO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 100700/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 5.12.05, conformado polo concelleiro-delegado de Servizos Xerais, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións cursadas pola Concellería Delegada de Servizos Xerais, redactase o presente informe relativo a execución de determinadas obras en materia de subministración e saneamento de auga ó Concello de Vigo.

ANTECEDENTES

Primeiro: O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión de data 25 de marzo de 2002, acordou prestar aprobación ao convenio entre a concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga (UTE SERAGUA FCC) e esta administración municipal para a execución de proxectos polo importe de 6.477.912,80€, que supoñen os orzamentos de contrata das diferentes actuacións (IVE excluído).

Pola súa banda a UTE SERAGUA FCC comprometéase levar a cabo obras de mellora nas redes adscritas o servizo, durante os exercicios 2002, 2003 e 2004 por un importe de 721.214,53€, que na actualidade atópanse totalmente executadas.

Malia o anterior é o certo que na cláusula Sexta do mencionado convenio establecíase: "As partes intervinientes comprométese a formular un plan de investimentos, con vixencia a partir do 1 de xaneiro do exercicio 2005, que posibilite facer fronte a renovación e substitución das redes de abastecemento e saneamento, durante os últimos dez anos do período concesional", da mencionada previsión non se adoptou ningún acordo a data da redacción do presente informe.

Os investimentos relacionadas no referido convenio financiábanse integramente con fondos procedentes de cotas de enganche, previstos na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de este servizo, e cuia xestión foi encomendada á entidade concesionaria.

Segundo: O pleno desta corporación na sesión de data 31/3/2003 acordou encomendar á entidade concesionaria a execución do proxecto "subministración de auga o Concello de Vigo, Conexión o Casal-Valladares, e peche perimetral, previa aprobación técnica, e con un orzamento de contrata de 7.049.844,65€ (IVE excluído)

A cobertura financeira do mencionado compromiso estableceuse con cargo os fondos dispoñibles da entidade concesionaria, a partir de 1 de xaneiro de 2005, como consecuencia da cancelación definitiva do préstamo subscrito pola extinta empresa municipal de abastecemento e saneamento de auga de Vigo,S.A. (EMAVISA), no que subrogou a concesionaria do servizo, e que implicaba un recargo na tarifa aos usuarios do abastecemento de 0,1305€/m³.

O valor actual neto, de acordo coa prognoses de demanda do abastecemento entre o 1 de xaneiro de 2005 ea data de termino da concesión (31/12/2015) supoñía que a percepción da dita contía por m³ sen expresa aceptación á amortización das obrigacións financeiras subscritas por EMAVISA permitían dispoñer dun montante para investimento de 15.257.383,31€.

Terceiro: A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 20 de setembro de 2004 acordou subscribir coa concesionaria un convenio para a execución de actuacións polo importe de 5.293.540,58€ (orçamento de contrata IVE excluído), con arranxo as mesmas fontes de financiamento que se citan no apartado precedente.

Cuarto: Malia o anterior, e con independencia dos referidos acordos leváranse a efecto os seguintes investimentos:

- Proxecto de mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a condución da subministración do Parque Tecnolóxico encomendado a AQUALIA-FCC VIGO UTE en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003 769.004,64€
- Dirección de obra e control de calidade dos proxectos mencionados anteriormente adxudicados a CIISA (Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.) segundo o acordo da Comisión de Goberno na sesión de 5/5/2003. 215.350,15€
- Proxecto modificado (adicional líquido) do adxudicado en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003 1.165.083,74€
- Honorarios de redacción do proxecto e dirección de obra do proxecto modificado da rede perimetral (Xunta de Goberno Local 2/8/2004) 53.544,00€
- Liquidación do proxecto de abastecemento de auga a Beade (Xunta de Goberno Local 28/8/2004) 57.436,13€

Quinto: Con independencia do exposto anteriormente a Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, financiou na súa integridade os proxectos "Ampliación do saneamento de Valladares" e "Saneamento de Beade". Pola súa banda esta administración municipal cofinanciou, coa axuda financeira do Fondo de Cohesión da Unión Europea, as actuacións relativas a "Ampliación de saneamento de Zamáns" e "Automatización do colector marxe de ría".

SOBRE A URXENCIA E NECESIDADE DA ACTUACIÓN INVERSORA

A conveniencia de levar a efecto as actuacións que se inclúen na presente proposta, están debidamente motivadas segundo o tenor literal dos informes emitidos polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, que se achegan o presente expediente administrativo, así como polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local que acordou aprobar tecnicamente os diferentes proxectos o no seu caso, memorias valoradas dos investimentos.

CONSIDERACIÓNS EN RELACIÓN CON O PREGO DE CLÁUSULAS ECÓNOMICO-ADMINISTRATIVAS, QUE
REXEU O CONCURSO PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN

Examinados, na súa integridade, o contido do contrato de xestión integral do “Servicio Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, subscrito con data 8 de xaneiro de 1991, así como o Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeu o concurso para a concesión da referida xestión integral, aprobado polo Pleno do Concello na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 1990, hai que significar o seguinte:

1. Obxecto do contrato:

- a) Segundo o teor literal da CLÁUSULA PRIMEIRA do CONTRATO reseñado “Es objeto de este contrato la prestación, en régimen de concesión administrativa, de la gestión integral del “Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo”, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que sean necesarias, en los términos y condiciones previstos al efecto en el Pliego de Condiciones de la licitación...”.
- b) Por a súa parte, o PREGO ó que se remite o contrato reseñado, e que por tanto forma parte integrante do mesmo, refire tamén literalmente na súa CONDICIÓ PRIMEIRA, con respecto o obxecto de contratación “1.

Es objeto del presente contrato, que el Excmo. Ayuntamiento de Vigo convoca mediante concurso público, la adjudicación integral del Servicio Municipal de Abastecimiento de Auga y Saneamiento de Vigo, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que fueran necesarias y que de modo orientativo, se reflejan en el Plan de Inversiones... en la modalidad definida en el apartado a) del punto 2 del artículo 114 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales de 17 de junio de 1.955 (“La construcción de una obra o instalación y la subsiguiente gestión del servicio a que estuvieren afectadas),... de acuerdo con las determinaciones del presente Pliego”.

Así pois, da propia literalidade de ambos documentos, Lei entre as partes, infierese xa inicialmente que:

- É a xestión integral do servizo o que se encomenda á concesionaria, cualificativo que se resalta por canto que define un alcance totalitario con respecto do que poida relacionarse coa explotación do dito servizo, coas especificacións e, segundo os procedementos, que en adiante se detallarán.
- A remisión normativa que se contén na primeira das condicións do prego, e pola que se concreta unha específica modalidade de concesión –artigo 114.2.a) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais– implica igualmente a inclusión na xestión concedida da construción de determinadas obras e instalacións.

2. A ampliación da infraestrutura:

- a) A CONDICIÓ 23ª do PREGO DE CONDICIÓNS refire que “Las obras de ampliación, renovación y/o mejora de la infraestructura del Servicio de Abastecimiento de Agua y Saneamiento a la Ciudad de Vigo serán por cuenta del concesionario, quien las realizará de la forma y con los medios que considere oportunos en cada

momento, en función de los Programas de Inversión aprobados de común acuerdo entre el Ayuntamiento y el Concesionario, en cada momento”.

- b) *Por a súa parte, a CONDICIÓN 24ª impón que “Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras.*

Dicho Programa de Inversiones, una vez aprobado por el Órgano Competente de la Corporación, le será comunicado al Concesionario para que proceda a su realización”.

- c) *E unha nova mención ás renombradas obras de ampliación da infraestrutura encontrámola na CONDICIÓN 71ª.2, onde se recolle que “El Concesionario, para la ejecución tanto de las obras definidas en el Plan de inversiones, como las señaladas en la condición 23ª del presente Pliego de Condiciones,...”*

Visto o contido de tales preceptos contractuais, novamente a literalidade, pero esta vez de forma máis específica, ponos de manifesto que a execución, pola Concesionaria, das Obras de ampliación, renovación e/ou mellora da Infraestrutura do Servicio, aínda que non determinada, está prevista polo Prego de Condicións, sendo a posibilidade da súa encomenda a dita adxudicataria unha Potestade do Concello.

3. Repercusión dos custos das ditas obras:

Recordemos que a CONDICIÓN 24ª impón que “Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras”.

O prego de condicións non establece o contido do plan de investimentos e a súa tramitación si ben establece que é competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación, polo que debe entenderse que o referido plan de investimentos pode recoller un proxecto ou actuación illada (caso que nos ocupa), un conxunto de investimentos anuais ou unha proposta de actuación ó longo de varios exercicios.

Visto o exposto, cabe afirmar a posibilidade de encomendar directamente á Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, a execución das obras de ampliación, renovación e/ou mellora de infraestrutura do dito servicio.

CONSECUENCIAS QUE SE DERIVAN DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 48/1998, DE 30 DE DICIEMBRE

O obxectivo da Lei 48/1998, e das Directivas comunitarias que traspón, é o seguinte: someter a licitación pública os contratos que realicen con terceiros aquelas empresas que, aínda sendo privadas, gocen dunha posición especial en virtude de dereitos exclusivos outorgados por unha autoridade competente mediante disposición legal, regulamentaria ou administrativa que teña como efecto a reserva do exercicio dalgunha das actividades enumeradas no seu artigo 3.

Non parece pois ofrecer dúbida que as entidades privadas que gocen de dereitos especiais (caso das concesións administrativas) e presten servizo nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións figuran especificamente dentro do ámbito de aplicación suxeita da dita Lei.

Malia o anterior a aplicabilidade da citada Lei ao caso que nos ocupa deberá ter en conta a prescrición contida no seu artigo 8 na que se establece un tope para os contratos adxudicados por organismos contratantes que exerzan actividades na distribución de auga potable e que fixan no caso de contrato de obra o límite de 6.242.028€ cifra esta que non supera ningún dos proxectos obxecto de consideración no presente informe, ni tan sequera anque foran considerados no seu conxunto.

CON RESPECTO O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS

As fontes de financiamento que serviran para materializar as actuacións contidas na proposta non afectan o estado de gastos do orzamento xeral deste concello para o exercicio 2005, e, con independencia de relacionarse permenorizadamente en anexo adxunto, resumimos a continuación:

A) *FONDOS DISPOÑIBLES DO CONVENIO APROBADO EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20/9/2004*

- *Saldo dispoñible* 1.736.706,26€
(A mencionada cantidade foi incluída nos orzamentos do ano 2005)

B) *SALDO ACREDOR EXISTENTE NA CONTABILIDADE NON ORZAMENTARIA, PROCEDENTE DAS RETENCIONS EFECTUADAS EN CONCEPTO DE DIRECCION DE OBRA A UTE MOVEXVIAL HIDROSCIVIL, S.L.*

- *Saldo dispoñible* 412.319,00€

C) *RETRIBUCION DO CONCESIONARIO (Correspondente Á amortización do préstamo subrogado a nome de EMAVISA) NON COMPROMETIDOS NOS ACORDOS PLENARIOS DO 31/02/2003 (rede perimetral) E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20/9/2004 (convenio)*

- *Saldo dispoñible* 653.579,42€

D) *SALDO DISPOÑIBLE EN CONCEPTO DE COTAS DE ENGANCHE A 30/9/2005 (Con inclusión dos dereitos acollidos ao réxime de fraccionamento de pagamento)*

- *Saldo dispoñible* 974.215,54€

CONCLUSIONES

De conformidade co anteriormente exposto, a criterio do informante non existe inconveniente legal ningún para encomendar a execución do proxecto técnico do epígrafe ó concesionario do servicio, UTE SERAGUA FCC, e isto a teor do establecido no prego de cláusulas administrativas que rexeu o concurso, así como non parece suscitar dúbidas interpretativas o artigo 8 da Lei 48/1998, o deducirse da literalidade do dito precepto que a subxección aos procedementos de contratación incluídos na dita lei opera unicamente no caso de contratos de obra para aqueles contratos que sexan iguais ou superiores a 6.242.028€, circunstancia non concorrente nos proxectos contidos nos anexos A), C) e D) citados anteriormente.

PROPOSTA

- 1º Encomendar a entidade AQUALIA FCC VIGO UTE, concesionaria do servicio de abastecemento e saneamento de augas, a execución dos proxectos explicitados nos apartados letras A), C) e D) do anexo adxunto así como o aboamento dos honorarios por redacción dos distintos proxectos ou memorias valoradas, requiríndolle a transferencia a favor desta administración municipal das cantidades correspondentes ás expropiacións do segundo plan de saneamento (91.136,50€) e as imputables o proxecto saneamento baixada a ríos (11.234,71€), co obxecto de que polo departamento de Vías e Obras se de trámite o expediente administrativo de expropiación forzosa, polo procedemento de urxente ocupación.*
- 2º Os gastos efectivamente realizados pola concesionaria do servicio na execución das distintas obras e as que se refiren os honorarios e consignación de importes para expropiación forzosa imputaranse aos conceptos que se citan como fontes de financiamento no presente informe, coa expresa advertencia de que os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da totalidade das actuacións (120.000€) axustaranse a cantidade que para o efecto aprobe a Xunta de Goberno Local.*
- 3º A entidade concesionaria do servicio propondrá a Xunta de Goberno Local o nomeamento do Director Técnico das Obras, así como a cifra de honorarios correspondentes, que deberán ser informados previamente pola xefatura de Vías e Obras.*
- 4º A xefatura de Vías e Obras deberá remitir o negociado de contratación os proxectos técnicos ou memorias valorados referidas as actuacións incluídas no apartado letra B) co efecto de instrumentar o expediente administrativo de contratación, en cumprimento do establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2000.*
- 5º AQUALIA FCC VIGO UTE informará con periodicidade quincenal a xefatura de Vías e Obras sobre o nivel de execución das inversións, as incidencias observadas na execución dos distintos proxectos e todo isto co fin de que por o dito departamento se poida coordinar as distintas actuacións.*
- 6º A execución das actuacións contidas no apartado letra B) supeditanse o informe favorable da Intervención Xeral e a conseguinte aprobación do expediente de modificación orzamentaria, por xeración de créditos do estado de gastos.*

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinteoito minutos. Como secretario dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.